



REAL ACADEMIA DE FARMACIA DE GALICIA

VI PREMIO PERFECTO FEIJÓO da Real Academia de Farmacia de Galicia

A Real Academia de Farmacia de Galicia convoca o Premio Perfecto Feijóo coa finalidade de recoñecer as iniciativas e actividades científicas, sanitarias ou culturais, que teñan contribuído a salientar a imaxe e a consideración social da farmacia galega.

Poderán concorrer ao premio calquera persoa, colectivo ou institución que desenvolva as súas actividades total ou parcialmente en Galicia. Así mesmo teranse en conta as candidaturas propostas polas entidades que teñen recoñecida a súa condición de colaboradoras da Real Academia de Farmacia de Galicia ou as propostas por 3 Académicos de Número ou de Número Emérito.

O premio consistirá nun Diploma acreditativo e nun distintivo conmemorativo. Poderase outorgar un accésit a unha segunda candidatura que tamén destaque nalgún dos devanditos eidos.

Non se aceptarán traballos ou iniciativas premiadas previamente por outras institucións.

Na solicitude, faranse constar os datos da/o candidata/o ou da/o representante do colectivo ou institución que opta ao premio e irá acompañada dunha memoria explicativa do traballo ou actividade desenvolvida (máximo 5 páxinas) e dun resumo (máximo 250 palabras) salientando a relevancia da súa contribución científica, sanitaria ou cultural e o seu impacto no recoñecemento e a consideración social do mundo da Farmacia. As propostas das entidades colaboradoras ou as presentadas por 3 Académicos deberán ir tamén acompañadas da devandita memoria e resumo. O xurado poderá solicitar a documentación acreditativa complementaria que considere precisa.

A solicitude e documentación remitiranse por correo electrónico á dirección: "secretaria@academiadefarmaciadegalicia.gal".

O prazo de presentación de solicitudes finaliza o día 31 de decembro de 2025.

O xurado encargado de examinar as propostas estará constituído por cinco membros, dos que tres deberán ser Académicos e dous representantes das entidades colaboradoras. Se ningunha das candidaturas acadara o nivel requirido, o xurado poderá declaralo deserto.



REAL ACADEMIA DE FARMACIA DE GALICIA

Unha vez finalizado o proceso de valoración, o resultado comunicaráselles a tódalas candidaturas presentadas. As decisións do xurado son inapelables.

A entrega do premio efectuarase no acto de Apertura do Curso 2026 da Real Academia de Farmacia de Galicia.

As persoas, colectivos ou institucións premiadas non poderán concorrer a posteriores convocatorias deste mesmo premio.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2025

Asdo. Ilmo. Dr. D. Ángel Concheiro Rine

Presidente